

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACION GALLEGA DE ASOCIACIONES DE ATENCIÓN A LAS PERSONAS CON PARÁLISIS CEREBRAL, PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL E/OU PATOLOXÍAS AFÍNS, E DO MANTEMENTO DA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2022.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Federación Gallega de Asociacións de Atención a las Personas con Parálisis Cerebral (Federación ASPACE Galicia) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase a Federación ASPACE Galicia dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración para o mantemento da federación e das actividades que ASPACE Galicia ten previsto desenvolver durante o ano 2022 dirixidas á atención das persoas con parálise cerebral e ás súas familias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase en que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a Federación ASPACE Galicia aparece reflectida como beneficiaria individualizada no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2022 así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración coa entidade Federación ASPACE Galicia para contribuír ao financiamento do mantemento da Federación ASPACE Galicia e das súas entidades asociadas, así como do programa que ten previsto desenvolver durante o ano 2022 dirixido á atención das persoas con parálise cerebral e /ou patoloxías afíns e ás súas familias co obxectivo de mellorar a súa autonomía persoal, a súa calidade de vida e favorecer a súa integración social e laboral na sociedade galega.

Así mesmo, as actuacións obxecto do programa subvencionado a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 130/2020, do 6 do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, concretamente no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades



inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

